

## II. AUTORIDADES E PERSOAL

### B) NOMEAMENTOS

#### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

*DECRETO 10/2020, do 23 de xaneiro, polo que se nomea presidenta do consorcio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia a María Patrocinio Morrondo Pelayo.*

Por medio de Resolución do 12 de marzo de 2001, da Dirección Xeral de Universidades (DOG núm. 68, do 5 de abril), publícase o convenio de colaboración asinado o 30 de xaneiro de 2001 entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento, e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a creación do consorcio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (Acsug). Este convenio foi modificado polo convenio de colaboración asinado o 1 de decembro de 2008, publicado a través da Resolución de 10 de decembro de 2008 (DOG núm. 13, do 20 de xaneiro).

Esta entidade nace coa vontade de servizo á sociedade e a finalidade primordial de promoción e garantía da calidade do Sistema universitario de Galicia, así como a de impulsar a súa integración competitiva no contexto universitario nacional e internacional.

A Acsug conta con personalidade xurídica propia, realiza as funcións que ten atribuídas con total independencia e desenvolve os seus obxectivos co máximo rigor e con pleno respecto á autonomía universitaria e aos principios de obxectividade, transparencia, responsabilidade, eficacia e sometemento á lei e ao dereito.

Polo Decreto 6/2018, do 11 de xaneiro, aprobáronse os Estatutos do consorcio Acsug (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro).

O artigo 13 dos estatutos prevé que a presidencia do consorcio será nomeada por decreto do Consello de la Xunta de Galicia, por proposta da persoa titular da consellería que teña atribuídas as competencias en materia de universidades, escoitadas/os as/os reitoras/es e as/os presidentas/es dos consellos sociais das universidades do SUG, de entre persoas de recoñecido prestixio no ámbito universitario, por un período de catro anos prorrogables por períodos iguais de tempo.



En consecuencia, unha vez escoitados os reitores e presidentes/as dos consellos sociais das universidades integradas no consorcio, por proposta da conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e tres de xaneiro de dous mil vinte,

**DISPOÑO:**

Artigo único

Nomear a María Patrocinio Morrondo Pelayo presidenta do Consorcio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

Santiago de Compostela, vinte e tres de xaneiro de dous mil vinte

Alberto Núñez Feijóo  
Presidente

Carmen Pomar Tojo  
Conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional

